



PUBLICACIÓN RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A PERTENECENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE SUPERIOR, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN

Sumando as puntuacións correspondentes a fase de oposición e de concurso resultan as seguintes puntuación totais:

NOME	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	CONCURSO	TOTAL
NATALIA DÍAZ LÓPEZ	23,7	21,7	33	78,4
INÉS FERNÁNDEZ ABAD	23,7	23,85	20	67,55

Por todo o anterior o tribunal propón a aprobación do nomeamento de dona Natalia Díaz López, como funcionario/a de carreira, dunha praza de Arquitecto/a pertencente á Escala de Administración especial, Subescala técnica, Clase superior.

Dentro do prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte a presente publicación o/a aspirante proposto/a , deberá presentar ou remitir á Unidade de recursos Humanos do Concello de Monforte de Lemos , por algún dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a seguinte documentación:

- a) Copia auténtica ou fotocopia (que deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión) do DNI ou pasaporte ou documento equivalente.
- b) Copia auténtica ou fotocopia (que deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión) do título esixido, ou documento equivalente.
- c) Declaración responsable de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos organismos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso á Escala de Administración Especial de funcionarios/as da Administración local. No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable de non acharse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, e nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- d) Declaración responsable de non desempeñar outro posto na Administración do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin desenvolver actividades profesionais privadas, salvo as excepcións previstas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- e) Copia auténtica ou fotocopia (que deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión) da documentación acreditativa dos méritos valorados na fase de concurso.
- f) Informe médico, de non padecer enfermidade ou defecto físico que impidan o exercicio das correspondentes funcións.